

XUNTA DE GALICIA **Saída 300013 / RX 368947**
REXISTRO ELECTRÓNICO
SANTIAGO DE COMPOSTELA Data 04/03/2022 08:44:56



RESOLUCIÓN DA XEFATURA TERRITORIAL DA CONSELLERÍA DO MAR NA CORUÑA QUE MODIFICA AS DATAS AUTORIZADAS PARA EXTRACCIÓN DE PERCEBE EN BANCOS DO ÁMBITO DO PLAN DE XESTIÓN DA CONFRARÍA DE PESCADORES DE MUXÍA DURANTE O MES DE MARZO

ANTECEDENTES

1. O 25.02.2022 autorízase a extracción de percebe en bancos do ámbito do plan de xestión da confraría de pescadores de Muxía durante o mes de marzo.
2. O 03.03.2022, ás 13:14 horas, a confraría comunica a anulación do día 4, por condicións meteorolóxicas adversas, e solicita autorización para o día 8.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

1. Tense en conta a seguinte normativa:
 - O Decreto 15/2011, do 28 de xaneiro polo que se regulan as artes, aparellos, útiles, equipamentos e técnicas permitidos para a extracción profesional dos recursos mariños vivos en augas de competencia da Comunidade Autónoma de Galicia.
 - O Decreto 153/2019, do 21 de novembro, polo que se regula o réxime de conservación e explotación dos recursos marisqueiros e das algas.
 - A Orde do 22 de decembro de 2021 (DOG nº 251, do 31 de decembro de 2021), pola cal se aproban os plans de xestión de recursos específicos e de algas en Galicia para o trienio 2022-2024.
2. Recíbense os seguintes informes:
 - Informe da bióloga de zona do 22.02.2022 e do 03.03.2022.
 - Informe favorable do INTECMAR (Instituto tecnolóxico para o control do medio mariño) do 18.02.2022.

En todo caso esta apertura está condicionada ao estado das zonas de produción da área de traballo que corresponda a este plan de xestión e que o INTECMAR publica na súa páxina web <http://www.intecmar.gal>, no apartado *INFORMACIÓN DO ESTADO DAS ZONAS DE PRODUCCIÓN*.

Esta xefatura territorial é o órgano competente para resolver segundo o artigo 20.1 do Decreto 153/2019 do 21 de novembro.

Tendo en conta todo o anterior RESOLVO:

Xefatura Territorial da Coruña
Rúa Ramón y Cajal, 2 5º andar (Casa do Mar)
15006 A Coruña
Tel.: 981 182 000
xfaturaterritorial.mar.coruna@xunta.gal





Modificar as datas autorizadas para extracción de percebe en bancos do ámbito do plan de xestión da confraría de pescadores de Muxía, incluíndo o día 8 tal e como solicitan, polo que o apartado afectado da resolución de apertura queda segundo se recolle a continuación.

Datas: 7,8,17,18,21,22,30 e 31 de marzo.

O informe técnico sinala que a altura da baixamar prevista para o día 8 non se considera adecuada para exercer a actividade en condicións óptimas, xa que en días de mareas mortas coma este a superficie do intermareal que descobre soe ser menor e o esforzo extractivo tende a concentrarse, o que incide de forma negativa na conservación do recurso. Sen embargo, dado que se aplica un horario reducido de extracción, o cal limita os descartes, considérase aceptable a súa autorización.

En caso de que de xeito extraordinario a entidade xestora do plan comunique a anulación da xornada antes da baixamar, o día de traballo quedará anulado a todos os efectos. Dita comunicación ademais, deberá ser enviada á Subdirección Xeral de Gardacostas ao correo pesca.sala.operacions@xunta.gal e a base de Muxía a javier.pineiro.pouso@xunta.gal

O resto de condicións recollidas na resolución de apertura do 25.02.2022 permanecen sen cambios, debéndose respectar na súa totalidade.

Contra esta resolución que non pon fin á vía administrativa, poderá interpoñerse recurso de alzada ante a conselleira do Mar no prazo dun mes contado dende o día seguinte á notificación ou publicación desta resolución, segundo dispón a Lei 39/2015, do 1 de outubro, nos seus artigos 30, 121 e 122 (sección 2ª do capítulo II).

Mediante este documento notifícaselle á confraría de pescadores de Muxía esta resolución, segundo o esixido no artigo 40 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

